

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTE CALDELAS E
A ASOCIACIÓN "ANPA VERDUXO"**

Ponte Caldelas, a 28 de xullo de 2016

Reunidos,

Dunha parte Don Andrés Díaz Sobral, Alcalde do concello de Ponte Caldelas.

De outra parte D^a. Gloria Bustingorri Alberdi, con DNI 07229707W, en nome e representación da Asociación "ANPA Verduxo", con número de CIF G-36113215, con domicilio a efectos de notificacións en Concepción Arenal, s/n -36820 Ponte Caldelas

Ambolos dous recoñécense con capacidade suficiente para convir e suscribir o presente convenio:

CONSIDERAN

1.-Que as Administracións poden celebrar convenios de colaboración ó amparo do disposto no artigo 7 da Lei 30/1992 de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2.- Que en virtude do establecido no orzamento do Concello para o ano 2016 prevese a aportación a esta entidade dunha subvención de carácter nominativo, para fomentar a realización de actividades complementarias como é o obxecto da Asociación beneficiaria desta subvención, conforme o artigo 3º-b) dos Estatutos da Asociación "ANPA Verduxo".

3.- Que de acordo co establecido na Lei xeral de Subvencións, é preciso a realización do oportuno convenio entre a entidade beneficiaria e o Concello de Ponte Caldelas, no que se regulen o réxime xurídico aplicable, sen prexuízo do establecido na devandita Lei.

4.- Que da reunión celebrada entre ambas partes acordouse aportar como subvención nominativa polo Concello de Ponte Caldelas a cantidade de 3.700 € no ano 2016, para axudar a sufragar os custes que lle ocasiona á mencionada asociación a realización de actividades complementarias no curso 2015-2016

E por todo o anterior suscriben o presente Convenio coas seguintes:

C L A U S U L A S

1º OBXECTO DA SUBVENCIÓN

I.- É obxecto do presente convenio a colaboración do Concello de Ponte Caldelas coa Asociación "ANPA Verduxo" con fin de promover as actividades complementarias entre os alumnos do Colexio Cordo Boullosa.

II.- "ANPA Verduxo" é unha entidade adicada a participar nas actividades complementarias ou outras para os que os requira o colexio, e na representación dos alumnos do Colexio Cordo Boullosa, sempre sen ánimo de lucro.

III.- Tanto o Concello como a Asociación teñen fins comúns e, polo tanto, é preciso unha colaboración estreita que permita acadar unha mellor educación, cultura e lecer entre os alumnos do Colexio Cordo Boullosa.

IV.- O Concello de Ponte Caldelas comprométese a Asociación "ANPA Verduxo" a cantidade máxima de **3.700 euros** (TRES MIL SETECENTOS EUROS), para axudar a sufragar os custes que ocasiona a realización de actividades complementarias no curso 2015-2016, tendo dita asociación que presentar xustificación (mediante factura) de ter gastado en tal fin unha cantidade igual á subvencionada.

A actividade obxecto da subvención, de acordo co establecido pola Lei Xeral de Subvencións pode estar xa realizada ou pendente de realizar pero sempre se levará a cabo dentro do curso 2015-2016.

V.- No momento da firma do presente Convenio axúntanse os documentos seguintes:

- Impreso de solicitude de subvención cuberto.
- NIF da presidenta.
- Certificado de composición da nova xunta directiva.
- Memoria das actividades desenvoltras ou a desenvolver.
- Orzamento de ingresos e gastos referidos a actividade subvencionada.
- Declaración responsable de non estar en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para percepción de subvencións ou axudas públicas e non concorren as causa do artigo 13 da LXS.
- Declaración doutras axudas ou subvencións para a mesma actividade solicitadas ou concedidas por calquera outra Administración ou ente público ou privado.
- Autorización para que o Concello, mediante a seu asesor, poida solicitar no seu nome Certificados orixinais dos Organismos competentes que acrediten estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Facenda autonómica e fronte a Seguridade Social; e os certificados.

Obra en poder do Concello:

- C.I.F da entidade ou asociación.
- Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación por entidade beneficiada, no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente
- Estatutos polos que se rexe a entidade.

VI.- Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos e recursos para a mesma finalidade, sempre e cando non financien no seu global máis que o gasto realizado.

2ª GASTOS SUBVENCIONABLES.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido, e en todo caso os seguintes:

Gastos de realización de actividades complementarias

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) os xuros deudores das contas bancarias
- b) xuros, recargos e sancións administrativas e penais
- c) os gastos de procedementos xudiciais

- d) os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) impostos personais sobre a renda

3ª PAGOS PARCIAIS

Dacordo co artigo 34.4 da lei 38/2003, Xeral de subvencións, e o artigo 31.6 da Lei se subvencións de Galicia, poderán concederse pagos parciais a medida que o "ANPA Verduxo " realice xustificacións parciais, en base ó establecido na base 4ª seguinte.

4ª XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS GASTOS

I.- A xustificación da subvención deberá de facerse conforme establece a Lei Xeral de Subvencións e o Regulamento da mesma, debendo presentar conta xustificativa coa seguinte documentación mínima:

- Facturas regulamentarias (con tódolos requisitos esixidos polo R.D 1496/2003). Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a que se outorgou a subvención.
- Xustificantes de pagamento das mesmas.
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria, das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións e para a mesma finalidade, referida neste caso a data de xustificación.
- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social.

A súa presentación realizarase como máximo **ata o 30 de novembro de 2016**

II.- A Asociación "ANPA Verduxo", obrígase a realiza-las xestións oportunas para levar a término ditas actividades complementarias, comprometéndose a destinalo importe da cantidade recibida do Concello de Ponte Caldelas ao fin indicado.

5ª OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

I.-A Asociación "ANPA Verduxo " queda obrigada a cumprir como mínimo as seguintes obrigacións:

- 1º.- Levar a cabo unha correcta execución das actividades subvencionadas.
- 2º.- Xustifica-la execución das actuacións e a realización dos gastos conforme a este convenio e á normativa aplicable, como máximo ata o 30 de novembro de 2016.
- 3º.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que se establecen na Lei Xeral de Subvencións.
- 4º.- Comunica-la obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividades subvencionadas.
- 5º.- Estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A Intervención Municipal, comprobará, de oficio, que a Asociación "ANPA Verduxo", está ao corrente coa Facenda Municipal.

6º VIXENCIA DESTE CONVENIO

I.- O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria, e en todo caso rexerá durante o ano 2016.

7ª CONTROL

Para un mellor control do Concello, a Asociación " ANPA Verduxo ", estará obrigada a facilitar toda a información, no suposto de que lle sexa requerida pola Intervención Municipal no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos términos regulados na Lei 38/2003.

II.- Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requerimentos de xustificación que poda face-la Intervención ou o órgano municipal competente.

As causas de reintegro serán as reguladas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e as cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto na Lei Xeral Orzamentaria.

8ª RESOLUCIÓN

I.- Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes
- O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calqueira dos asinantes.

II.- Dada a natureza xuridico-pública do presente convenio, as controversias que pudiesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

III.- As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo.

POLO CONCELLO
O Alcalde.

Asdo: Andrés Díaz Sobral



POLA ENTIDADE

Gloria Bustingorri Alberdi

Asdo: Gloria Bustingorri Alberdi